

Buenos Aires, 5 de Abril de 1978

Sr. D. Ricardo García Suárez

Vigo

Querido Ricardo:

Supoñemos estaredes xa gozando da primavera, da vosa casa e do mar. Que tí estarás traballando en pequenas cousas da obra que che resta de facer na casa, e pintando o mar, tan difícil de pintar, tanto como o lume e o ar, tendo un sempre que recurrir a liñas convencionales, ou a min eso paréceme. Eiquí entramos no outono, unha estación tamén belísima, con antecedente, neste ano, dun vñan moi desigual, de grandes choivas, ventos impresionantes, desbordes dos rios e grandes inundacións, chegando, ^{nas} ~~as~~ ruas de algunhas cidades a un metro e medio de auga que matóu xente, gando e arruinou fogares. América é isto, un continente enorme con grandes accidentes xeográficos tamén grandiosos: terremotos, desbordamentos de rios, ventos, choivas que non rematan de parar, e un mar tamén de tormentas. Todo isto inflúe no home american, nas suas desigualdades de carácter, no seu aventureirismo.

Pola miña parte non me repoño da desesperanza de que falaba na miña carta anterior e a desgana para todo, e que en parte ten orixen na frustración política de Galicia. Cada vez estou mais convencido de erro que foi dar por rematada a laboura do Partido Galeguista. Para construír un estado e erguer unha nación ten un que se ocupar desta soia finalidade, os programas económicos e sociais veñen logo de conquerida esa primeira finalidade. Nos deixamos de formar parte da categoría que tiñamos de sempre xuntamente con Catalunya e Euzkadi, para estar á par das rexións administrativas do resto de España. Non somos mais, en canto á consideración dos políticos de Madrid, que os murciáns ou valencianos. Eu estou de acordo coa visión que transmites da actualidade política española en relación co problema da nacionalidade. E tamén coa autosuficiencia dos galegos, os mais mozos sobre todo con respecto ás esperencias do pasado que non consideran sirvan como aporte importante para hoxe. Tamén con respecto á obra de Castelao, vixente na sua actualidade, como moi poucas obras, porque ven tratando problemas non limitados polo tempo e nin siquiera na noticia exclusivamente do día. Esquécense os seus discursos parlamentarios, como tamén os de Picallo, os de Otero e outros que ~~trataron~~ ^{trataron} ~~os~~ ^{os} problemas vivos de Galicia, os que aínda continúan hoxe.

O noso Estatuto fora feito por xentes de partidos, sobre todo pola xente do Partido Galeguista, por especialistas ~~xx~~ e técnicos e moi pouco cambiño do mundo occidental dende entón no aspecto político, sobre todo no aspecto administrativo, e, non embargantes, os parlamentarios galegos, semianalfabetos en parte nestas custións, sítense con azos para redactar un novo sin poñer en discusión o do plebiscito do 36. Tamén como ti farei o que poida, mentras poida, por Galicia. Adiqueille toda a miña vida pasada e continuaréi, aínda quedándome soio. Estou desespranzado e sítome frustrado na miña acción en ouxetivos que proietei perante moitos anos pra o futuro, mais quedará de tí, de min, de todos nos, os que quedamos do vello galeguismo, esta entrega a Galicia i esta laboura feita, matino, en peores condicións que os da xeneración anterior a nós. Eles non viron a posibilidade tan inmediata de resolver os problemas de Galicia e tampouco a división minifundista da política galega. Tampouco poido Galicia nunca ter un representante capaz de enchela de vergoña como Victoria Fernández España, según as noticias que chegan a Buenos Aires.

Tí tes que pintar, grabar e dibuxar. Tes xa feito algúns/^{dos} cadros, grabados e dibuxos mais belidos do arte galego. Pero penso, perdóname, que eres o que menos traballaches, polo que sexa. Aproveita agora o tempo. Este tipo de traballos é o que quedará de nós. Escribe encol do arte galego. Escribe.

Non podo decir mais. Unha aperta moi grande para tí, Mimi e os fillos, de Maruxa e miña. Temos ganas de voltar unha tarde, non sabemos cando, á vosa casa fronte o Atlántico, entre Baiona e A Guardia, con todos vós: